

Pel de chocolate

“Se te caes, non esteas triste, sé forte e érguete para seguir co espectáculo”.

Iso dicía a obra de teatro que me gustou tanto. Despois, o meu pai e eu fomos ao parque onde había unha xadería onde se encontraban os mellores sabores de xeados que te podas imaxinar.

-Papá ese neno é moi raro, non ten a pel de cor...pel. Ten a pel de chocolate.-
Non o dixera por mal, pero era certo, había un neno de pel de chocolate.

-Non, non é raro, é coma ti ou coma min, é un neno de pel escura, non é de chocolate.

-Por que ten esa cor na pel?

-Por que tes ti os ollos verdes ou o cabelo marrón?

-Porque nacín así.

-Pois igual, el naceu así. Igual ca ti, non é mellor nin peor. Despois de todo, é un neno coma ti.

“Todos somos diferentes e únicos”.

Irene Iglesias Gómez 1ºB